

AESIA - AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL
GRUPO DE TRABALLO DA MESA DELEGADA

12/09/2025

A FALTA DE ORZAMENTO É A EXCUSA PARA TODO...

UN NOVO EPISODIO DE IMPROVISACIÓN NA IMPLANTACIÓN DA AESIA

O pasado 12 de setembro constituíuse o Grupo de Traballo da AESIA, dependente da Mesa Delegada do Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública, para o debate e aprobación de tódolos asuntos obxecto de negociación sindical. Nesta primeira reunión a Administración usou como comodín a excusa da falta de orzamento propio diante das demandas das traballadoras/es. **Contámosche o máis destacado da reunión:**

RECLAMAMOS A NEGOCIACIÓN REAL DUN PLAN DE ACCIÓN SOCIAL PARA 2025

Os sindicatos que participamos deste Grupo de Traballo logramos frear a proposta da Administración para o Plan de Acción Social de 2025, postpoñendo a súa negociación a unha reunión monográfica o 16 de setembro. Os **representantes da AESIA propoñían un plan inaceptable con condicións moito máis pobres que as do propio PAS do MTDFP**: unha miserable dotación de 5.635,15€, aberta a que traballadores/as con ingresos superiores aos 100.000€ ao ano poidan acollerse ao programa mentres exclúe a posibles familiares beneficiarios por ter ingresos superiores a 8.400€ ao ano. Loitaremos por acordar melloras para as traballadoras/es no Plan de Acción Social.

UNHA PROPOSTA DE “PLAN” DE FORMACIÓN RÍDÍCULA PARA INTENTAR CUBRIR O EXPEDIENTE

Os representantes da AESIA no Grupo de Traballo presentaron un documento cunha proposta de 2 cursos para intentar salvar a papeleta: un curso de inglés de 50 horas, impartido a través dun contrato externo, e un curso de 15 horas sobre IA, para o que admitiron que procurarían para impartilo traballadoras/es voluntarias/os diante da falta de orzamento. **A CIG rexeitou por completo que dita proposta poida denominarse “Plan de Formación”**. A Administración comprometeuse a iniciar unha detección de necesidades formativas de cara a deseñar un plan en condicións para 2026, para o que **solicitamos se tivese en conta a opinión das persoas traballadoras**.

REDUCCIÓN DOS DÍAS DE TRABALLO A DISTANCIA PARA AS NOVAS INCORPORACIÓNS

A Administración puxo sobre a mesa a posibilidade de deseñar un regulamento de traballo a distancia propio da AESIA cun único obxectivo: limitar a efectividade do Plan de Traballo a Distancia do MTDFP ao que actualmente se acolle o persoal da AESIA para as novas incorporacións, baixo o pretexto de “mellorar a adaptación” das novas traballadoras ao organismo. CCOO e UGT acordaron coa Administración reducir este dereito durante os primeiros meses trala incorporación de novo persoal. **A CIG opúxose a este recorte de dereitos**.

NEGOCIARASE UN CALENDARIO LABORAL PROPIO QUE RECOLLA AS PARTICULARIDADES DA AESIA

A CIG liderou a proposta para que se negocie na AESIA un calendario laboral propio que recolla as particularidades do organismo, mellorando sempre os mínimos recollidos na Resolución de 2019 que dicta as instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, e que deberá incluír o acollemento a festivos locais e/ou autonómicos, o

establecemento dunha xornada intensiva no verán, periodos de ampliación do traballo a distancia... de xeito que queden claros estes aspectos para o fomento da conciliación entre o seu persoal. Manterémosvos informados de avances neste sentido.

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: MOITO PREDICAR, POUCO APLICAR...

Mentres a AESIA inclúe no seu Plan de Traballo a Distancia (o do MTDFP, vaia...) "Medidas preventivas durante el uso del ordenador" como a colocación da pantalla, do teclado ou do rato, observamos como non aplica esas mesmas medidas nos postos do propio centro de traballo. **A CIG reclamou a inmediata posta a disposición das traballadoras destas ferramentas para cumprir cos mínimos requerimentos en materia de Prevención de Riscos Laborais.** Os representantes da AESIA anunciaron que xa se contratou a provisión destes elementos. Trasládouse tamén que no mes de novembro contarán coa avaliación de riscos nos postos de traballo e que está prevista a contratación dun servizo de prevención que inclúa recoñecementos médicos para o persoal empregado na AESIA.

AS OBRIGAS DO CONCELLO DA CORUÑA SEGUEN A SER UN MISTERIO

O Concello da Coruña comprometeuse na súa candidatura para acoller a AESIA a unha serie de beneficios para o persoal traballador do organismo que seguen sen concretarse... e parece que teremos que seguir agardando pola súa formalización. O Concello comprometeuse a poñer en marcha axudas para o persoal da AESIA en materia sanitaria (de até 4.800€ por unidade familiar), de acceso á vivenda (para o aluguer ou compra), de estudos para a conciliación familiar... que están aínda sen concretar nin formalizarse. Polo momento, o Concello e a AESIA traballan só nun convenio sobre o uso do edificio da Veeduría e o futuro uso da Terraza (sede que estará dispoñible até dentro dun mínimo de 2 anos), mentres as axudas para o persoal terán que seguir agardando pola súa formalización a través dun acordo separado. Seguimos reclamando que se formalicen todos os compromisos adquiridos polo Concello da Coruña na súa candidatura.

REIVINDICAMOS UNHA PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS TRANSPARENTE

Desde a CIG reclamamos transparencia na xestión das produtividades, así como un sistema de produtividade por obxectivos aberto a tódalas persoas traballadoras. As representantes da AESIA volveron usar a excusa da falta de orzamento propio e indicaron que actualmente as produtividades xestionáanse directamente a través do MTDFP. Para a CIG este será un asunto fundamental no momento en que se poña en marcha o orzamento propio da AESIA.

DENUNCIAMOS NOVAMENTE AS IRREGULARIDADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

No referente aos procesos de selección abertos para a contratación de persoal laboral fóra de convenio denunciaremos novamente as desigualdades que a súa contratación conlevará co resto de persoal funcionario e laboral e que podes [consultar nas novas da nosa web](#).

ACCESO AO EDIFICIO ANTES DA APERTURA DO CENTRO CÍVICO

Diante da solicitude do persoal da AESIA reclamamos que existan medios para acceder ás oficinas sen depender da apertura do centro cívico ou de que outra persoa do Concello nos abra a porta. As persoas representantes da AESIA indicaron que se está a procurar unha solución para poder acceder desde o inicio da xornada.